



UNHAS NOTAS DE LECTURA: DO MUSEO DE LUGO AO CASTRO DE VILADONGA

Felipe Arias Vilas

Cando un se xubila, debe procurar abstraerse do que foi o seu traballo, neste caso (e deixando á parte os tres anos de PNN na Facultade de Historia da USC, 1971-1974) durante máis de 40 anos, tanto no Museo Provincial de Lugo (1974-1985) coma no Museo do Castro de Viladonga (1983-2014).

Pero resulta que a xubilación administrativa non ten que supoñer, nin moito menos, a retirada ou abandono da actividade intelectual nin da vida cultural, nin tampouco non se esquece (e este sería un tema a debater) o traballo realizado cando un estaba en activo e non era aínda das “clases pasivas” (-¡?-, compárese co “aposentado” ou “reformado” en portugués). E non o esquecemos porque, polo menos no noso caso, o traballo profesional sempre se fixo coa mellor das vontades e, obviamente, cos medios de que se dispuña en cada caso e en cada momento, o que non quere dicir que cando non se conseguía facer todo o desexado, non fose exclusivamente por causas alleas pois tamén han ter que ver, como en tantos ámbitos, ocasións e persoas, as evidentes limitacións propias.

Por tanto, un intenta seguir estando ao día no que foron os seus campos de traballo, dentro do posible e recoñecendo as súas dificultades, porque hoxe, coas novas tecnoloxías pode parecer, e seguro que o é, máis doado chegar a ter moitos máis coñecementos, e medios de chegar a eles, pero tamén é certo que parece imposible chegar a coñecer, ler e controlar todo o que se publica ou sae de novo dos moitos temas, afortunadamente aínda en debate.

Pero tal parece que este antedito argumento tamén podería ser de aplicación nas últimas décadas e aos modernos e novos investigadores, cando tantas veces esquecen e ata menosprezan (cando non se desprezan de cheo) moitos traballos e achegas que autores anteriores fixeron, e con bastantes menos medios, e estou pensando agora en cantos investigadores actuais coñecerán (é dicir, lerían), por exemplo, os traballos de arqueoloxía (e coa etnografía asociada) dos autores vinculados (ou non) ó Seminario de Estudos Galegos, agora que esta entidade ou movemento cultural irrepertible cumpre o seu centenario. Logo, claro, resulta que non poucas veces –máis das que serían admisibles– temas e cousas que xa estaban descubertas e non digamos xa intuídas, aparecen agora en medios científicos e, xaora, de comunicación.

Pois ten pouca xustificación que os investigadores actuais descoñezan ou pretendan ignorar as importantes achegas, con todo os debates que merezan, de xente como López Cuevillas, Bouza-Brey, Taboada Chivite, Álvarez Blázquez, Fraguas, Maciñeira, etc, etc.

Nun sentido similar chama hoxe moito a atención, de investigadores propios e foráneos, xubilados ou non, a obsesión actual por citaren autores estranxeiros (a poder ser ingleses e en inglés...) no canto de comprobar se xa antes, ás veces moito antes e moito mellor, investigadores galegos ou foráneos que traballaron sobre temas galegos xa dixeran o mesmo, en galego, portugués e/ou castelán.

E vén isto a conto, quizais como desafío, porque persoalmente nos alegramos moito de que viran a luz dúas publicacións de distinto tema, extensión, carácter e -quizais- obxectivo, porque teñen moito que ver cos lugares e temas nos que desenvolvemos practicamente toda a nosa carreira profesional.



Imaxe da portada da publicación Museo Provincial de Lugo. Orixe e consolidación (1932-1982)

A primeira obra, *Museo provincial de Lugo. Orixe e consolidación (1932-1982)* (editada pola Deputación Provincial, Lugo 2022), é da autoría de AURELIA BALSEIRO GARCÍA, licenciada en Xeografía e Historia pola USC (1985-1990), na Sección de Historia da Arte, especialidade de Museoloxía, directora do Museo Provincial de Lugo desde o outono de 2008 onde coordina os departamentos científicos e os programas de conservación, documentación e exposición das coleccións. É autora de máis de cen publicacións en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos e conferencias relacionadas coa arqueoloxía do ouro, o patrimonio, a historiografía museística, a arte, os artistas, etc, maiormente con traballos destacados sobre ourivería castrexa.

Preséntanos agora unha grande obra de 320 páxinas e de dura e grosa encadernación, con numerosas ilustracións de todo tipo, articulada en doce capítulos, con varios apéndices e cunha tradución final do texto galego ao castelán, ademais dun extenso aparato bibliográfico.

Recóllese así a historia dos primeiros 50 anos deste centro (MPL), partindo das ideas iniciais e do contexto histórico daquel Lugo, pasando logo ás circunstancias da creación en 1932 (que xa fora conmemorada en 1982) e a posterior apertura en 1934 no edificio da Deputación, mentres no seguinte capítulo trátase tamén o paso á súa actual sede no antigo convento franciscano (ou o que queda del). Seguen uns interesantes apartados dedicados ao funcionamento da Xunta Reitora e á participación de mecenas e benfeitores e, por suposto, cun detallado e extenso capítulo dedicado aos directores do centro (tamén se recollen os nomes e tipos funcionais do persoal que pasou polo Museo neses 50 anos), para acabar a obra referíndose ás importantes e numerosas coleccións que alberga e aos aspectos museográficos, de investigación e publicacións, cunha recompilación final da bibliografía.

A redacción do prólogo desta obra deunos pé para reflexionar sobre o papel dos museos provinciais (ou “xeneralistas”) e os seus moi diversos problemas de funcionamento, de espazos, de recursos humanos e económicos e mesmo do seu papel ante o público (mellor, “os públicos”) e das súas reaccións diante da acumulación de salas e materiais. A autora esmigalla con detalle a historia dos primeiros 50 anos do MPL, os pasos iniciais e as primeiras etapas, analizando a súa evolución e, así mesmo, con detalle, o papel das persoas que por el pasaron ou pasamos (e aquí, unha paréntese importante: para nós foi unha verdadeira experiencia o traballo pero tamén o trato con persoas moi diferentes que, en moitos casos, se converteron no mellor activo do MPL, desde os licenciados/as colaboradores ata o persoal de vixilancia (de apoio...!) e de limpeza, tanto en Lugo como na Sección de S. Paio de Narla, que se abriu en 1983. A. Balseiro quedalle agora afrontar a historia da seguinte, da última pero non derradeira, etapa do MPL, pero con esta publicación a entidade xa será mellor coñecida no seu devir histórico e, a maiores, servirá para apreciar máis o seu inxente e valioso patrimonio cultural, agora que os arquivos e museos son considerados, ás veces, só como parte das “políticas culturais”; cando o seu papel e as súas funcións van moito máis aló da política e son unha parte esencial do patrimonio cultural.

Como todos os museos de ámbito provincial, o de Lugo tivo desde os seus comezos aspectos moi positivos pero tamén os problemas máis diversos, as súas vantaxes e os seus inconvenientes, as luces e as sombras. Ao igual que moitos outros museos das súas características, algúns deles xa coa súa orixe no século XIX, tivo que acoller e, ademais (xa que ese era o criterio da época) expoñer todo tipo de fondos e obxectos, todo canto resto se considerase de interese arqueolóxico, histórico, artístico e, logo tamén, etnográfico, é dicir, “cultural” no máis amplo sentido, acollendo así mesmo as pezas máis diversas do que se deu en chamar artes menores, decorativas e industriais, así como numismática, epigrafía e heráldica de todas as épocas, as historias e artistas locais, etc, por non falarmos nos tempos máis recentes das materias gráficas e audiovisuais. Tiveron, pois, que afrontar problemas como a escaseza de espazos suficientes e adecuados para a inxente cantidade e calidade de fondos, ou a clara insuficiencia de persoal técnico e profesionalizado; circunstancias todas elas moi variadas e cambiantes, que obrigaron a museos como o de Lugo a evolucionar, co decorrer dos anos, de xeito ás veces irregular.

En efecto, neste Museo non foi nunca un problema menor o tema dos espazos que lle foi posible utilizar, desde as salas e corredores da Deputación da etapa inicial ata os actuais edificios, que pasaron por distintas fases e reformas, algunhas máis afortunadas que outras, máis discutibles, que a autora analiza polo miúdo.

Neste tema dos espazos, cremos que un punto de inflexión fundamental no devir e na evolución do Museo na etapa que nos tocou vivir vinculados a el e mesmo no ámbito da súa historia, foi o traslado, entre os anos 1982 e 1983, á fortaleza de San Paio de Narla da Sección de Etnografía (*latu sensu*) e unha parte da de Historia (armería, elementos e útiles de transporte, artes menores...), traslado que o entón presidente da Deputación, Luís Cordeiro, apoiou con convicción.

Pois como dicíamos antes, un dos maiores problemas destes centros, e Lugo non era nin é unha excepción, é o da inxente cantidade e a enorme variedade de fondos que tivo que acoller e, noutros tempos e como apuntabamos, a gran maioría deles nas salas de exposición, pois ata os anos setenta non se pensara na necesidade de dispoñer de ordenadas salas de reserva.

E non comentaremos aquí, porque excedería o espazo dispoñible, o feito de que o MPL se negara a admitir desde 2005 máis fondos arqueolóxicos de escavacións ou achados da provincia e cidade de Lugo (agás algunha excepción, moi discutible segundo aquel criterio), cos problemas que iso causou e aínda causa no patrimonio arqueolóxico e museístico lucense, implicando ao propio Museo do Castro de Viladonga.

No tocante á dotación de persoal, sobre todo de carácter técnico e especializado, ata mediados dos anos setenta limitábase a un director, un auxiliar administrativo, tres vixilantes de sala, un “restaurador” ou mestre de oficios, dúas limpadoras e un subalterno moi especial na nosa etapa, Luís Gómez Pacios, que, ademais de ser un artista de mérito, considerámolo como un auténtico *factotum* no museo que igual debuxaba pezas para o inventario que facía todo tipo de recados ou de avezado guía nas salas do museo.

Cando en torno a 1980 se conseguiu que a Deputación convocase unha serie de bolsas ou becas para licenciados/as, este feito permitiu, non só facer máis e mellores traballos (entre eles o citado traslado á Torre de Xiá ou a revisión metódica das fichas de inventario), senón que o museo se abrira a xente nova e a novos retos en todas as súas funcións museísticas: a conservación e o incremento de fondos, a documentación e investigación, e a difusión e comunicación. Aquela incipiente pero crecente profesionalización, que era impensable no museo lucense ata entón, foi, loxicamente e co paso do tempo, consolidándose e hoxe é admitida e demandada por todas as instancias políticas, culturais e sociais. Pero foi aquela década entre 1974 e 1984 unha etapa complexa e complicada, pois eran tempos en que se facía preciso cambiar o criterio da formación das coleccións, facéndoo máis cabal, compensado e científico, ademais do continuo problema que era recibir, ata 2005, todos os achados arqueolóxicos. Tamén era necesario integrarse en redes e ámbitos externos cos mesmos obxectivos e fins: había que relacionarse máis estreitamente con outros centros, similares ou non, tanto de Galicia como de fóra, e non é casual que naquela altura xermolara, tamén en inicio desde o Museo de Lugo, o que logo foi o Consello Galego de Museos e que houbera vínculos co Instituto de Estudos Galegos ‘P. Sarmiento’ (do CSIC) ou co Museo do Pobo Galego.

Pola transcendencia que tiveron, citaremos varios fitos que cremos fundamentais nestes 50 primeiros anos do MPL e que son recollidos e moi ben documentados na obra de Aurelia Balseiro: o traslado da súa sé desde a Deputación ao antigo convento de S. Francisco (remodelado varias veces a partir dos anos 50), a montaxe museográfica de San Paio de Narla en 1983, a conmemoración en 1982 do cincuentenario da creación do museo con diversas actividades e, por último, naquel 1983, a publicación do primeiro número do Boletín do Museo Provincial, que viña seguir a lembrada estela do Boletín da Comisión de Monumentos, desaparecido cinco anos antes e fito indispensable na bibliografía lucense. Ambas revistas permitiron uns intercambios que hoxe fan da biblioteca do museo un valor e unha referencia indubidable.



Imaxe da portada da publicación Cerámica Común en la Gallaecia Romana

A segunda obra é unha extensa recompilación da tese lida en 2020 por SARA BARBAZÁN DOMÍNGUEZ, unha doutora en Arqueoloxía nova en idade pero xa con notable experiencia no traballo en museos como o de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba (ao que segue vinculada) así como en universidades como a de Santiago de Compostela e a Unidade de Arqueología da Universidade bracarense do Minho.

O libro trata sobre *Cerámica común en la Gallaecia romana* e leva o subtítulo, ben aclaratorio, de *Estudio y sistematización crono-tipológica basada en tres yacimientos del área de Lugo*, que resultan ser A Agra dos Castros de Marcelle (ou castro da Piringalla) (Lugo), o castro de Saa (Baltar, A Pastoriza) e o castro de Viladonga (Castro de Rei).

A obra consta de 185 páxinas, con abundantes imaxes, maiormente de debuxos de formas cerámicas, e está estruturado en sete grandes apartados, nos que, despois dunha introdución xustificativa, analízase primeiro o marco teórico dos aportes do estudo da cerámica común á superación do concepto de romanización, ao que seguen dous capítulos referidos ás hipóteses de partida e obxectivos e á metodoloxía utilizada. O resto do libro céntrase nos tres xacementos anteditos e nunha ampla selección dos seus materiais cerámicos, como conxunto entendido e explicado como cerámica común nas súas diversas variantes ou facianas, en particular a de tradición castrexa (a autora usa sempre o termo “indígena”) e a común romana propiamente dita, incluídas as imitacións doutros tipos foráneos pero presentes e adaptados no Noroeste, ofrecendo despois unha discusión de resultados a este respecto, utilizando comparanzas con materiais de *Lucus Augusti* (en particular a partir da obra de E. Alcorta) e con outros paralelos doutros xacementos, maiormente asturianos e leoneses, certificando así o extenso e demorado traballo realizado.

Dado que nunca fomos avezados “ceramólogos” e ademais hai tempo que recoñecemos que máis que arqueólogo, queríamos ser historiadores, é dicir, facer e practicar arqueoloxía como ciencia auxiliar da Historia, fundamental para certas etapas como a prehistoria e a antigüidade, é pouco o que podemos comentar do demorado estudo que Sara Barbazán fai dos aspectos técnicos e formais da cerámica considerada común romana naqueles tres castros citados, sexa a de tradición indíxena (maiormente, castrexa) ou a dos modelos de introdución romana ou, máis extensamente, mediterránea.

A enorme achega de datos, formas e debuxos é moi de agradecer, xa que ademais intenta casar todos eles coas informacións do contexto arqueolóxico en cada xacemento.

E aquí é onde botamos de menos algunha explicación a maiores do porqué ou como se chegou a obter ese contexto arqueolóxico, estratigráfico se se quere, porque non son iguais as primeiras escavacións de Chamoso Lamas no castro de Viladonga, feitas maiormente “a distancia” salvo no breve tempo en que Felipe Senén López estivo a cargo do control in situ dos traballos, que as últimas campañas, con moitos máis medios e formación técnica en arqueoloxía da empresa Terra-Arqueos, nin tampouco poden ser o mesmo os traballos que nós fixemos nos anos 80 e comezos dos 90 no castro de Viladonga que os realizados nos últimos anos na Agra dos Castros da Piringalla luguesa ou no castro de Saa pastoricense.

E comentamos isto porque no traballo de Barbazán, ou case mellor diríamos nos traballos pois outros que coñecemos e que ela cita están feitos en colaboración con H. Lozano e E. Ramil, déixanse caer certas afirmacións case despectivas sobre os métodos empregados hai máis de trinta anos e, curiosamente e ás veces case contradicíndose ao comentar tales eivas. Fálase continuamente de “falta de rigor estratigráfico”, “pouca concreción das descrições” (e cando ás veces se transcriben non resulta ser así), etc. Fíxose o que se podía e se sabía e cos medios que había, baseándose (polo menos no noso caso) nos métodos de Mortimer Wheeler e nas obras de Andrea Carandini pois o sistema da matrix de M. Harris aínda non estaba implantado por estes lares. Xaora, sempre se facían as cousas ben, regular e

mesmo moi mellorables, pero ningunha totalmente mal feita tendo en conta as circunstancias de cada caso e, por suposto, nunca a mantenta.

Por outro lado e por descontado, non entraremos aquí a detallar os erros ou grallas que se advirten nas citas bibliográficas finais porque, sabémolo, ben, as erratas seguen sendo case inherentes ás publicacións, sexan cales foran estas.

Como é obvio, o antedito non desmerece un ápice a meritoria obra de Sara Barbazán pero, posiblemente e porque quen isto escribe é xa un xubilado que non entende certas cousas, quédalle un certo remorso por non facer no seu día algunhas cousas como lle gustaría ás novas xeracións que, por outro banda, e como reza o coñecido lema científico, cando chegan a estar a certa altura e poden ver moitas cousas, é porque aquelas novas fornadas se achan subidas nos ombreiros dos que as traballaron antes, ás veces moito antes.

En fin, os nosos parabéns e o sincero agradecemento a Aurelia Balseiro e a Sara Barbazán polas súas respectivas e importantes contribucións ao coñecemento e á difusión cultural e científica do tema museístico e arqueolóxico respectivamente, pois supoñen unha recoñecida achega ao cumprimento dun dos fins sociais propios da investigación sobre o patrimonio cultural.